



PLAN

CEIP DE QUINS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CENTRO	CEIP DE QUINS
TIPO DE CENTRO	Colexio Público de Educación Infantil e Primaria
CÓDIGO DO CENTRO	32016261
NIF DO CENTRO	Q8255046H
ENDEREZO.	LUGAR DE QUINS S/N
CÓDIGO POSTAL	32411
CONCELLO	MELÓN
TELÉFONO	988 481090
FAX	988 481090
CORREO ELECTRÓNICO	ceip.quins@edu.xunta.gal
PÁXINA WEB	http://centros.edu.xunta.es/ceip.quins

Número de unidades:	E. Inf.	E.Prim.	E.S.O.
Catalogadas	1	2	--
Funcionando	1	2	--

Ao inicio do presente curso escolar, o s datos en relación co alumnado foron os seguintes:

4º EI	5º EI	6º EI	1º EP	2º EP	3º EP	4º EP	5º EP	6º EP	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
1	2	2	7	4	4	4	2	4	--	--	--	--

En relación co número de profesorado:

Profesorado con destino definitivo e horario completo: 4

Profesorado itinerante ou compartido con outros centros a tempo parcial: 3

A **distribución** dos diferentes cargos no centro son os seguintes:

Director: César Grande Gómez

Coordinador do equipo de dinamización da lingua galega: César Grande Gómez

Coordinador do equipo de biblioteca: Ángeles Castro Rodríguez. Titora unid. primaria 2

Comisión de convivencia escolar: Mónica Vázquez Fernández. Titora unid. infantil

Comisión económica: Ángeles Castro Rodríguez.

Responsable de Igualdade: César Grande Gómez

Coordinador do equipo TIC: Elena Pascual Borrego. Titora unid primaria 1.

1.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP de Quins atópase na localidade de Quins concello de Melón, preto de Ribadavia e A Cañiza o noso alumnado procede de diferentes poboacións do Concello.

Para a elaboración deste Plan Dixital partimos do contexto onde se atopa o noso Centro e das características do alumnado co cal imos a traballar durante este curso. É un centro de indole rural pero moi ben comunicado coa localidades de Ribadavia e A Cañiza que se atopan a escasos quilómetros a través de autovía ou estrada nacional e bo estado.

As familias pertencen a zona rural e a súa implicación é excelente participan en tódalas actividades do centro e nas xuntanzas. Sempre están dispostos a votar unha man. No referente a se dispoñen de dispositivos tecnolóxicos nas súas casas, como ordenadores ou tablets, a maioría teñen teléfono, ordenador ou tablet para uso colectivo. E a excepción de dúas familias o resto teñen conexión a internet.

A implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe é un factor determinante que tentaremos manter e potenciar activamente logo do curso tanto de xeito académico como tecnolóxico.

Os alumnos/as están organizados en aulas mixtas o que implica unha ordenación do modelo de ensino moi individualizado. Elo require un traballo extra para o profesorado e un grado de responsabilidade engadido para o alumno/a xa que é preciso traballar de forma autónoma respectando os momentos de interacción de cada grupo de nivel.

O Centro dispón dunha cadro de profesores permanentes (4) e de tres profesores itinerantes de: Relixión, Audición e linguaxe e Orientación. O noso equipo de profesores participa activamente en sesións de formación e tódolos cursos participamos en proxectos formativos con diversas institucións.

Este Plan Dixital de Centro se entende como un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensinanza aprendizaxe como no resto dos procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Por tal motivo pasará a formar parte dos documentos do centro educativo e especialmente da Programación Xeral Anual do vindeiro curso (2022-2023)

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade cada vez máis dixitalizada é por esa razón que os centros educativos deben dar resposta certa e real ao modelo de sociedade actual que ten a tecnoloxía como unha ferramenta esencial para a competencia xeral da persoa. De aí, a necesidade de incorporar a

transformación dixital dos centros nos procesos de ensino. É fundamental que abordemos a tecnoloxía, mirando ao centro como a unidade de transformación e deseñando plans de mellora e actualización que poidan ser desenvolto co impulso do equipo directivo e a comunidade educativa do centro.

Este plan é un documento dinámico que contén os acordos e reflexións alcanzados no centro con respecto aos obxectivos xerais do plan, as estratexias de traballo e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa.

A normativa aplicable neste proceso é a seguinte:

- ✓ **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, que regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no **art. 121** establece que o Proxecto Educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no **artigo 111 bis**, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O **art. 132** da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

- A **disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que

se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

- **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para levar a cabo o proceso de elaboración do plan dixital , traballamos a través dunha plataforma <https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/enrol/index.php?id=18> asesorados por un mentor ADIX.

Ao longo do curso 2021-2022 para o deseño e elaboración do Plan Dixital seguimos as seguintes pasos:

1. Realizamos a análise da situación do centro a través da ferramenta para a diagnose de situación SELFIE, con esta ferramenta realizamos o análise, e detectamos as necesidades, debilidades e problemas que tiñamos no centro así como as fortalezas e ameazas procedentes da contorna.
2. Test de Competencia Dixital Docente , de xeito complementario, o profesorado realizou o test CDD baseado no marco DigCompEdu desde o seu perfil persoal. Este test permitiu obter un Informe Individual sobre a competencia dixital docente do profesorado do centro. (A1-C2). Este Informe, permitiunos avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFP.
3. A partir da análise dos informes anteriores, xeramos unha serie de informes cuantitativa e cualitativamente que nos axudaron a detectar Debilidades, Ameazas,

Fortalezas e Oportunidades (DAFO) para así poder definir as liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

4. Unha vez feitos os análises anteriores, realizamos o análise DAFO que se mostra máis abaixo.
5. Posteriormente realizamos o plan de acción, establecendo os obxectivos e actuacións que consideramos en base á información obtida necesarios de cara a acadar no próximo curso 22/23.
6. E por último, comezamos coa elaboración do Plan Dixital, en base a información recollida anteriormente.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestruturas:

No centro dispoñemos de rede wifi e rede por fíos, con mais de 25 puntos de conexión distribuídos na aula de informática, aulas dixitalizadas, titorías e despachos de xestión administrativa.

- ✓ Infraestrutura de datos (conectividade a internet a través de wifi e fíos)
- ✓ Infraestrutura de voz (telefonía). Teléfono fijo inalámbrico.

Equipamento

- 1 Ordenador fixo para uso exclusivo de dirección. Uso docente
- 1 Ordenador fixo para a sala de profesores. Uso docente.
- 1 Ordenador fixo para titoría. Uso docente e alumnado.
- 4 aulas dixitalizadas con pizarra dixital e ordenador portátil. Uso docente.
- 1 Aula de informática con 7 ordenadores sobremesa e 7 ordenadores portátiles. Uso docente e alumnado.
- 1 tablet para uso prioritario dos alumnos/as que asisten ao aula de apoio.

Destes ordenadores:

- 4 fixos con sistema operativo windows 11 adquiridos polo centro educativo con fondos propios.
- 6 portátiles con sistema operativo windows 8 adquiridos por el centro con fondos propios.
- 6 ordenadores de sobremesa enviados pola Consellería; 4 destes con fondos feder 2006 con mais de 10 años de uso. 2 proxecto abalar AMTEGA 2016.
- 5 Portátiles enviados pola consellería a cargo de fondos feder 2006- 2010 ABALAR XUGA 2011-2015. e 1 miniordenador portatil tactil ACER programa educa en digital red.es

Software:

- 50% actualizados a linux maqueta libre 16/18
- 50% Windows 7, 8 e 11.

Ademáis dispomos de dúas impresoras dixitais unha KONICA MINOLTA bizhub 223 e unha BROTHER MFC 8860DN facilitada pola Consellería de Educación a través de fondos feder 2011 e a outra a través do proxecto RED.ES 2012 da mesma Consellería.

Servizos dixitais educativos

No ano 2021-22 iniciamos a comunicación coas familias a través do **ABALAR**.

Como medio de **comunicación entre a administración e o profesorado**, e como ponte de enlace entre a Consellería de educación -equipo directivo- membros do claustro, a administración empregamos o **correo electrónico** corporativo da Xunta.

Tamén usamos a **aula virtual de Moodle** dende o curso 2020-2021. Prioritariamente cos alumnos/as de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

Por último dispoñemos de páxina web para informar á comunidade educativa de todo o relacionado co centro: <http://centros.edu.xunta.es/ceip.quins>

Mantemento. A xestión do mantemento do equipamento do centro realizase a través da UAC. Moi deficitaria e pouco operativa no día a día.

Plan de continxencia

Atopase a disposición da comunidade educativa na secretaría do centro. Foi elaborado pola dirección e informado favorablemente polo Claustro e Consello Escolar ao inicio do curso 2021-2022.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar este análises empregamos a ferramenta SELFIE [auto-reflexión], unha ferramenta en liña gratuíta que pretende axudar aos centros escolares a plantexar como utilizan as tecnoloxías dixitais para lograr unha aprendizaxe efectiva e innovadora. Baseada no marco da Comisión Europea para organizacións educativas dixitalmente competentes [Dig-compOrg]. SELFIE axudounos a coñecer que funciona ben, en que aspectos necesitamos mellorar e cales deberían ser as prioridades do noso Centro.

A información que obtivemos gracias ao auto diagnóstico realizado mediante SELFIE foi clave para entender a situación actual e permitiunos tomar decisións orientadas á acción. Este informe aporta luz sobre a situación actual do Centro dende a perspectiva dos equipos directivos, o profesorado e o alumnado tanto nas áreas organizativas como nas pedagóxicas en relación co nivel de uso e integración que realizan das tecnoloxías neses procesos aínda que só participa o alumnado de 5º e 6º de primaria e bastante lioso para os alumnos/as.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.0				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	--				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.0				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	1.4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	4.3				
D- Desenvolvemento	Equipo Direct.	3.0				
	Profesorado	3.3				

profesional continuo	Alumnado	--				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.0				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	--				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	3.0				
	Alumnado	2.7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.5				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	--				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	3.6				

Datos do test de COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE

No proceso de integración das TIC no sistema educativo galego detéctase a necesidade de proporcionar ao profesorado instrumentos de valoración para coñecer a propia competencia TIC docente e poder elixir dentro da oferta formativa aquelas actividades que mellor respondan ás súas necesidades.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	2	4	50 %
PROVISIONAL	0	0	0 %
INTERINO	0	0	0 %
SUBSTITUTO	1	2	50 %
OUTROS	0	0	0 %
DESPRAZADO	0	0	0 %

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
60,7	Exploradora (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2 Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	65	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	54	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante A1	0	0 %
Explorador/a A2	1	33 %
Integrador/a B1	2	66 %
Experto/a (B2)	0	0 %
C1	0	0 %
C2	0	0 %
TOTAL	3	100 %

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO	<p>C1. Temos infraestrutura dixital que respalde o ensino aprendizaxe con tecnoloxía dixital.</p> <p>C2. Dispoñemos de dispositivos dixitais para a labor docente.</p> <p>C3. Bo acceso a internet.</p> <p>C8. Temos ordenadores para todo o alumnado.</p> <p>C11. Temos portátiles para prestar en caso de ensino mixto.</p>	<p>C5. non temos boa asistencia técnica.</p> <p>C7. protección de datos débil.</p> <p>C13. Non todos os alumnos dispoñen de ordenador individual.</p> <p>C16 Non dispoñemos de bibliotecas ou repositorios en liña con materiais de ensino dixital que favorezan o ensino.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>A3. O equipo directivo apoia o uso da tecnoloxía dixital para o ensino.</p> <p>D2. Temos acceso a planes de formación para uso de tecnoloxía dixital no ensino.</p> <p>E1. Buscamos recursos educativos dixitais.</p> <p>E3. Usamos contornos virtuais de aprendizaxe cos nosos alumnos/as.</p> <p>E4. Usamos tecnoloxía dixital para comunicar cousas do Centro.</p>	<p>A4. Pouco tempo para explorar como mellorar os nosos métodos de ensino con tecnoloxía dixital.</p> <p>B1. non avaliamos o noso progreso en materia de ensino con tecnoloxía dixital.</p> <p>D2. Non creamos recursos dixitais en liña para o ensino - aprendizaxe.</p>
	ALUMNADO	<p>C8. Temos suficientes ordenadores para os nosos alumnos/as en caso de aprendizaxe mixto.</p> <p>C10. Dispoñemos de ordenadores suficientes para uso dos alumnos/as no centro educativo.</p>	<p>C13. Os alumnos/as non teñen ordenador portátil propio de uso individual.</p> <p>H7. Os alumnos/as non saben crear contido dixital.</p>

	<p>H1. Os alumnos/as usan internet con seguridade.</p> <p>H3Os alumnos/as aprenden a usar internet con responsabilidade.</p> <p>H10. Os alumnos/as usan internet en varias Áreas.</p>	
FAMILIAS	E4. Usamos tecnoloxía dixital para comunicar temas do centro educativo.	C13. Os nosos alumnos/as non dispoñen de ordenador propio de uso individual.
OFERTA	<p>A3.O equipo directivo apoia novas formas de ensino dixital.</p> <p>A2. O equipo directivo trata de involucrar ao profesorado na estratexia dixital.</p> <p>B4. Apoiamos o uso da tecnoloxía nas relacións con outros centros educativos.</p>	<p>A1. Non existe unha estratexia dixital ben definida.</p> <p>A4. Pouco tempo para explorar o ensino dixital.</p> <p>B1.Non usamos tecnoloxía dixital para avaliar.</p>
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A3. O equipo directivo apoia o uso da tecnoloxía dixital no centro educativo.</p> <p>A2. O equipo directivo trata de involucrar ao profesorado na estratexia dixital.</p> <p>C11. Temos medidas para identificar necesidades socio-económicas relacionadas coa brecha dixital.</p> <p>C12. Dispomos dun plan de apoio ao profesorado para superar as diferencias propiciadas por</p>	<p>A1. non temos unha estratexia dixital.</p> <p>B1. non avaliamos o noso progreso en materia de ensino aprendizaxe con tecnoloxía dixital.</p> <p>A4. non temos tempo para explorar como mellorar os nosos métodos de ensino con tecnoloxía dixital.</p> <p>B4. Non colaboramos con outros centros para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais para o ensino.</p> <p>C5. non temos asistencia técnica.</p>

	aspectos socioeconómicos e pola brecha dixital.	
--	---	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>C1. Temos infraestrutura dixital que respalda o ensino aprendizaxe con tecnoloxía dixital.</p> <p>C2. Dispoñemos de dispositivos dixitais para a labor docente.</p> <p>C3. Bo acceso a internet.</p> <p>C14. Dispoñemos de espazos físicos axeitados para o ensino dixital.</p>	<p>C5. Non temos boa asistencia técnica.</p> <p>C16 Non dispoñemos de bibliotecas ou repositorios en liña con materiais de ensino dixital que favorezan o ensino.</p>
	LEXISLACIÓN	A5. Respectamos os dereitos de autor e licencias de uso en internet.	C7. Necesitamos formación en protección de datos.
	CONTORNA	C11. Temos medidas para identificar necesidades socio-económicas relacionadas coa brecha dixital.	<p>C13. Non todos os alumnos dispoñen de ordenador individual.</p> <p>C16 Non dispoñemos de bibliotecas ou repositorios en liña con materiais de ensino dixital que favorezan o ensino.</p>
	ANPA	C16 Non dispoñemos de bibliotecas ou repositorios en liña con materiais de ensino dixital que favorezan o ensino.	C13. Os alumnos/as non teñen ordenador portátil propio de uso individual.
	OUTRAS ENTIDADES	<p>B3. usamos tecnoloxia dixital con outros organismos.</p> <p>B4. Apoiamos o uso da tecnoloxía dixital con outros centros educativos.</p>	C5. Non temos boa asistencia técnica.

	C1. Temos infraestrutura dixital que respalda o ensino aprendizaxe con tecnoloxía dixital.	A4. non temos tempo para explorar como mellorar os nosos métodos de ensino con tecnoloxía dixital.
--	--	--

3. Plan de Acción

O noso Plan Dixital recollerá as accións a desenvolver para mellorar a competencia dixital da organización do centro. Aínda que o proceso de desenvolvemento e difusión das tecnoloxías é imparabile, na actualidade consolidaron una serie de recursos, ferramentas e servizos que permiten mellorar os procesos educativos, non so os que ocorren na aula, sino tamén todos aqueles que contribúen a que os centros educativos cumpran coa súa función formativa. Hoxe en día a competencia dixital esta forma parte do desenvolvemento integral da persoa polo que debe ter collida na escola como ferramenta de traballo para o desenvolvemento dos nosos educandos.

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Os obxectivos que nos marcamos son específicos e concretos. E todos eles son medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo. Os obxectivos que aquí se enumeran foron elaborados polo claustro de profesores que se formou nun grupo de traballo dentro do PFP que impulsou este Plan Dixital. Un dos nosos obxectivos fundamentais será abordar a brecha dixital existente no noso alumnado.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": C. INFRAESTRUCTURAS E- EQUIPOS						
1. OBXECTIVO (1):	Por en marcha un plan de asistencia técnica para os dispositivos dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Director/a -Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Posta en marcha dun plan de asistencia técnica dixital.					
Valor de partida (3)	0 plan de asistencia técnica dixital.					
Valor previsto e data (4)	1 plan de asistencia técnica dixital.			Finais primeiro trimestre (novembro) 2022 -2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Valorar as necesidades tendo en conta as características dos equipos do noso centro e o seu uso.	Director/a Coordinador TIC	Primeiro Trimestre (SETEMBRO)	Profesorado Coordinador/a TIC Director/a Equipos dixitais do centro. Fichas de seguemento, actas...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Pedir un orzamento de servico acorde ás necesidades e uso.	Director/a Coordinador/a TIC	Primeiro Trimestre (setembro)	Director/a Coordinador/a Empresas do sector: asesoramento e orzamentos varios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Contratar a empresa de asistencia técnica para cubrir as	Director/a	Primeiro Trimestre (outubro)	Empresa de asistencia técnica: Contrato de servico		Realizada	
					Aprazada	

necesidades do centro.			Director/a Coordinador/a TIC Habilitar recursos económicos.		Pendente
------------------------	--	--	---	--	-----------------

“Área/s de mellora”:		E. Pedagogía: Apoios e recursos			
2. OBXECTIVO (1):	Crear e por en marcha unha biblioteca en liña con materiais de ensino aprendizaxe de distintas áreas.			Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC – Titores e profesores de área.			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación e posta en marcha dunha biblioteca en liña con materiais de ensino a través de medios dixitais.				
Valor de partida (3)	NON se creou e puxo en marcha unha biblioteca con materiais de ensino para potenciar o aprendizaxe a través de medios dixitais.				
Valor previsto e data (4)	Si se creou e puxo en marcha unha biblioteca con materiais de ensino para potenciar o aprendizaxe a través de medios dixitais.			Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1: Busqueda de materiais das distintas áreas adaptadas a cada nivel educativo.	Coordinador TIC Profesorado do Centro	Finais do primeiro Trimestre.	Profesorado de cada área. Coordinador/a TIC Equipos dixitais: Ordenadores, tablet e pantallas ou encerados dixitais. Materiais didacticos de distintas editoriais con		Realizada
					Aprazada
					Pendente

			presenza no centro.		
AO2.2: Selección dos materiais propostos,	Coordinador/a TIC	Finais do segundo Trimestre.	Director/a Coordinador/a Alumnos/as Empresas do sector: asesoramento e orzamentos varios.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3: Creación da biblioteca en liña. Na web do Centro -Aula virtual.	Coordinador/a TIC	Terceiro Trimestre	Equipos dixitais. Webgrafias e recursos de editoriais, Profesorado do centro, equipo TIC. Alumnos/as.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.4: Posta en marcha e difusión en horario lectivo co alumnado.	Equipo TIC/ Profesorado do centro	Terceiro Trimestre	Aula de informática. Equipos dixitais de uso individual. Equipos dixitais colectivos: Ecerado- Proxector... Profesorado do centro- Alumnos/as Equipo TIC do centro. Materiais didacticos dixitais.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.5: Consolidación dos recursos e avaliación dos mesmos.	Equipo TIC/ Profesorado do centro	Terceiro Trimestre	Equipo TIC do centro. Profesorado do centro. Webgrafias seleccionadas.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.6: Manteñemento e	Equipo TIC/	Primeiro Trimestre	Equipo TIC do centro.		Realizada

actualización do recursos didácticos da biblioteca en liña.	Profesorado do centro	do curso seguinte	Profesorado do centro.		Aprazada	
					Pendente	
“Área/s de mellora”: D. DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO						
3. OBXECTIVO (1):	Establecer un horario para favorecer a exploración dos recursos dixitais a través de plans formativos no propio centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Director/a- Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	SI/NON se estableceu un horario para a exploración do ensino dixital e formación ao respecto no centro.					
Valor de partida (3)	Non hai horario para a exploración do ensino dixital.					
Valor previsto e data (4)	Si se estableceu a lo menos un 25% dos horarios de cada área para explorar o ensino dixital.			Inicio do curso escolar 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Introducir nas concrecións curriculares de cada área un 25% de horario de ensino dixital. (Reflexión sobre o traballo dixital)	Director/a	Primeiros días de setembro	Profesorado de cada área. Coordinador/a TIC Equipos dixitais: Ordenadores, tablet e PDIs Materiais didácticos de distintas editoriais Horarios Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Organización de horarios e presentación dos mesmos.	Director/a	Primeiros días de setembro	Director/a Coordinador/a TIC Alumnos/as		Realizada	
					Aprazada	

			Aula de informática. Horarios Claustro		Pendente	
AO3.3: Seguemento e avaliación da iniciativa e comprobación da súa aplicación	Director/a	Final de xuño	Profesorado do centro, equipo TIC. Alumnos/as. Familias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:		E. PEDAGOXIA APOIO E RECURSOS				
4. OBXECTIVO (1):	Levar a a cabo as tarefas escolares a través de medios dixitais co alumnado de 5º e 6º de primaria				Acadado	
RESPONSABLE:	Director/a- Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% de emprego da tecnoloxía dixital cos alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria..					
Valor de partida (3)	10% de tarefas escolares realízanse a través de uso de tecnoloxía dixital para 5º e 6º de primaria.					
Valor previsto e data (4)	25% de tarefas escolares realízanse a través do uso de tecnoloxía dixital para 5º e 6º curso de primaria.			Inicio do curso escolar 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Información ao claustro do emprego das tecnoloxías dixitais co alumnado de 5º e 6º de primaria.	Director/a Profesorado do Centro	Primeiros días de setembro	Equipos dixitais: Acta da reunión Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO4.2: Incremento das tarefas a través da aula virtual. Presentacións, traballos e webgrafías que faciliten o proceso de aprendizaxe a través de tecnoloxías dixitais.	Profesorado do Centro	Ao longo do curso escolar.	Alumnos/as Aula de informática. Profesorado implicado Fichas de traballo, almacenamento de actividades... Dispositivos dixitais	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO4.3: Seguemento e avaliación das tarefas realizadas a través de medios dixitais co alumnado correspondente.	Director/a Equipo TIC	Terceiro trimestre (finais)	Profesorado do centro, Equipo TIC. Alumnos/as. Familias. Fichas de avaliación e carpetas de traballo individual do alumnado.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”:		D. DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO	
5. OBXECTIVO (1):	Formar ao equipo docente en protección e almacenamento de datos dixitais segundo a lexislación actual.	Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección- Coordinador TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% do profesorado cun nivel óptimo en materia de protección de datos con relación a tecnoloxía dixital por parte do 50% do profesorado		
Valor de partida (3)	0 % do profesorado cun nivel óptimo de formación en protección e almacenamento de datos con relación as tecnoloxías dixitais.		
Valor previsto e data (4)	50% do profesorado cun nivel óptimo en protección e almacenamento de datos con relación as tecnoloxías dixitais.	Curso 2022-2023	

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Potenciación da formación relacionada coa protección de datos do equipo docente.	Director/a Coordinador TIC	Primeiro trimestre do curso escolar.	Centros de recursos do profesorado. Equipos informaticos. Profesorado. Aula de informática y otras.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Solicitar cursos de formación encaminados a optimizar a protección de datos na escola.	Director/a Coordinador TIC	Segundo trimestre.	Centros de formación: CEFORE-Centrais sidicais-outras institucións con responsabilidade nesta materia de índole privada ou pública. quipos informáticos Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Realización dun curso de formación para uso das tecnoloxías dixitais no ensino respetando os dereitos de autor e a protección de datos.	Director/a Coordinador TIC	Segundo trimestre.	CEFORE-Centrais sidicais-outras institucións con responsabilidade nesta materia. Profesorado-equipos informáticos- centro escolar- aulas de informatica e recurso do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

EQUIPAMENTO. O noso Centro educativo NON conta con medios tecnolóxicos suficientes para o emprego nas aulas sendo as necesidades para o próximo curso 2022-2023:

<u>EQUIPAMENTO</u>	NA ACTUALIDADE	NECESIDADES ACTUAIS DO CENTRO
Portátiles e fixos	<p>Temos 7 portátiles actualizados para uso do alumnado e profesorado.</p> <p>Temos 7 ordenadores fixos para uso do alumnado.</p>	<p>Actualizar 4 portátiles ou valorar a posibilidade de substituílos. Están desfasados e o sistema operativo e moi lento.</p> <p>Actualizar 4 dos ordenadores fixos xa que o sistema operativo e lento e non esta actualizado.</p> <p>Para uso do alumnado e profesorado no caso de aprendizaxe mixto.</p>
Pizarras dixitais ou pantallas táctiles	<p>Na actualidade dispoñemos de pizarra con portátil vinculado e sonido en tódalas titorías (3 aulas) e na aula de informática.</p>	<p>Sería convinte dar un paso á innovación e dispor dunha pantalla táctil LCD como ferramenta de uso nas aulas. Especialmente na aula de informática.</p>
Conexión	Internet 4G	Conexión por fibra
Instalación eléctrica e internet	<p>INSTALACIÓN ELÉCTRICA: Pouco eficiente para a conexión dos ordenadores portátiles nas aulas.</p> <p>INTERNET: Temos conexión inalámbrica e por rede de fíos.</p>	<p>Cambio da instalación eléctrica para a conexión de equipos en aulas e na sala de informática. Bandexa de carga múltiple ou armario para cargar portátiles nas aulas.</p> <p>Internet: wifi que da problemas constantemente. Por fíos necesitamos instalar puntos nas aulas.</p>

Software	Linux maquetas 16-17-18. (50%) windows 8/11 (50%)	Actualización dos sistemas operativos e ofimáticas.
-----------------	---	---

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudaran a determinar si o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións no plantexamento de estas accións establecidas.

Co análises destes indicadores, elaboraremos un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

Para poder avaliar o plan mediremos o grado de consecución dos obxectivos que nos marcamos neste dous contextos:

1. No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo **unha vez ao trimestre**, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:
 1. Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións.
 2. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

2. No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:
 1. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
 2. A ferramenta de avaliación SELFIE a través da cal poderemos facer unha análises da competencia dixital do Centro.

4.2. Propostas de mellora

En función dos datos recollidos no apartado anterior adoptaranse as medidas oportunas e realizaranse propostas de mellora ao finalizar o ano académico en base aos obxectivos non acadados ou parcialmente conseguidos, as cales se contemplarán nunha memoria que formará parte da PXA do centro.

5. Difusión do plan

Farase unha difusión do Plan Dixital a tódolos membros da comunidade educativa a través do claustro para o profesorado, aos alumnos/as a través de cada titoría e ás familias e Concello a través dos seus representantes no Consello Escolar e a web do noso Centro.